



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE FISIOTERAPIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**(Aprobado en Xunta de Centro de 18 de decembro de 2020. Modificado en
Xunta de Centro de 27 de maio de 2021)**

Aprobado polo Consello de Goberno do 28/05/2021

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente Regulamento vén a dar cumprimento ao disposto no artigo 13 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio (D.O.G. de 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro (D.O.G. de 17 de outubro).

A regulación do réxime de funcionamento e organización da Facultade de Fisioterapia enmarcase na normativa aplicable á Universidade da Coruña, en concreto na Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, no Decreto 101/2004, de 13 de maio, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña, modificado polo Decreto 194/2007, modificación do anterior, así como nas Leis 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, en todos aqueles aspectos que se recollen no presente Regulamento de Réxime Interno e que son de obrigado cumprimento ou que con carácter subsidiario foren de aplicación.

TÍTULO PRELIMINAR. DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto do Regulamento

O presente Regulamento establece e regula o funcionamento e organización da Facultade Fisioterapia da Universidade da Coruña (UDC) que ten a súa sede na Facultade de Fisioterapia (Campus de Oza), código E029 da *Denominación de inmobles da UDC e a súa codificación*, segundo resolución do 16 de xaneiro de 2017, ampliada pola resolución de 23 de maio de 2019.

Ten como símbolo representativo ademais da imaxe corporativa oficial da UDC, o seu propio logotipo, en virtude do disposto polo artigo 20.5 do *Regulamento de símbolos, honras e protocolo da UDC*, aprobado en Consello de Goberno de 22



de xullo de 2005 e reformado na sesión de Consello de Goberno do 30 de outubro de 2008.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

O presente Regulamento será de aplicación á Facultade de Fisioterapia da Universidade da Coruña e consecuentemente será de obrigado cumprimento para tódolos membros da mesma.

Artigo 3. Réxime xurídico

1. A Facultade de Fisioterapia rexerase pola Lei Orgánica de Universidades, polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e finalmente polo presente Regulamento de Réxime Interno.

2. En defecto do establecido no presente regulamento aplicaranse as Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3. Contra as resolucións e acordos dos órganos unipersoais ou colexiados do Centro, poderá formularse recurso nos prazos fixados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e recurso de alzada no prazo dun mes perante o Reitor, cuxa decisión esgotará a vía administrativa e será impugnabile perante a xurisdición contencioso-administrativa de conformidade coa lei reguladora de dita xurisdición.

TÍTULO I. DA NATUREZA, FINS E FUNCIÓNS DA FACULTADE DE FISIOTERAPIA

Artigo 4. Natureza

A Facultade de Fisioterapia é o Centro encargado da organización das ensinanzas e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención do título de Graduado/a en Fisioterapia, e cantas outras titulacións relacionadas de carácter oficial e validez en todo o territorio do Reino de España se implanten na Facultade de Fisioterapia no futuro.



Artigo 5. Fins

Os fins da Facultade de Fisioterapia serán a formación dos estudantes nos diversos aspectos científicos, técnicos e humanos co obxectivo de que desenvolvan a súa actividade profesional baixo os máis elevados estándares de calidade e evidencia.

Artigo 6. Funcións

Son funcións da Facultade de Fisioterapia:

- a. Elaborar a proposta dos plans de estudo das ensinanzas que se impartan na mesma. O órgano do centro responsable de levar a cabo esta función, a través da equipa decanal, deberá actuar dentro das liñas xerais da política educativa e das necesidades reais da contorna social, atendendo a un modelo profesional baseado nos avances científicos e técnicos, e dotando os futuros egresados das competencias propias das titulacións impartidas.
- b. Definir os obxectivos xerais de cada unha das titulacións que teña adscritas, así coma o perfil de ingreso, formación e egreso que deberán posuír e adquirir os seus estudantes.
- c. Elaborar o Plan Docente Anual (PDA) das titulacións adscritas, e velar polo seu cumprimento.
- d. Organizar e supervisar as actividades docentes e a xestión dos servizos da súa competencia.
- e. Promover, desenvolver e coordinar todas aquelas actividades complementarias que contribúan a unha formación integral dos seus estudantes.
- f. Organizar, desenvolver e supervisar as especialidades de posgrao que sexan da súa competencia, velando pola formación continuada dos titulados dentro do ámbito da súa competencia científica.
- g. Custodiar as actas de cualificación e os expedientes dos estudantes que cursaran o cursen estudos nela, sen prexuízo do mantemento, por parte da Universidade, de arquivos centralizados.
- h. Expedir as certificacións solicitadas polos/as estudantes do centro.
- i. Coñecer e informar as propostas de contratación e promoción do profesorado que os departamentos realicen en relación coa actividade docente do centro
- j. Administrar a asignación orzamentaria do centro e controlar os seus propios servizos e equipamentos a través da actualización do inventario.
- k. Promover actividades culturais e de extensión universitaria que contribuíren ao progreso e á difusión do coñecemento e da cultura, así como promover a práctica de actividades de saudables e sustentables.



- l. Participar nos procesos de avaliación da calidade.
- m. Elaborar e modificar o seu propio regulamento de réxime interno, que deberá ser aprobado polo Consello de Goberno da UDC, previa aprobación da xunta de centro.
- n. Elaborar e facer pública a memoria anual das súas actividades.
- o. Participar no goberno da universidade conforme ao disposto nos seus Estatutos.
- p. Calquera outra que lles atribuían as disposicións legais vixentes e os Estatutos da UDC.

Artigo 7. Colaboración con outras entidades

A Facultade de Fisioterapia promoverá os oportunos acordos de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de conseguir que a formación e a investigación sanitaria e sociosanitaria resulte do máis alto nivel á vez que diversificada e adaptada ás necesidades tanto do estudiantado coma do profesorado, ademais de establecer sinerxias e aportar valor engadido á sociedade á que presta servizo a través de proxectos conxuntos de asistencia clínica, docentes e/ou investigadores.

TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN DA FACULTADE

CAPÍTULO I. DA ESTRUTURA DA FACULTADE DE FISIOTERAPIA

Artigo 8. Persoal adscrito á Facultade de Fisioterapia

Son membros da Facultade de Fisioterapia:

- a. O persoal docente e investigador (PDI) adscrito á Facultade de Fisioterapia.
- b. O persoal de administración e servizos (PAS) adscrito á Facultade de Fisioterapia.
- c. O estudiantado matriculado nalgunha das titulacións oficiais impartidas polo centro

Artigo 9. Adscrición do profesorado

O profesorado que se incorpore á Universidade quedará adscrito ao centro no que o Departamento lle asigne a maioría da súa docencia.



Artigo 10. Dereitos e deberes

Os membros da Facultade de Fisioterapia terán os dereitos e os deberes que lles atribuíren os Estatutos da Universidade, este regulamento e calquera outra disposición legal en vigor.

O persoal PDI e PAS debe notificar coa debida antelación ao/a Decano/a as súas ausencias por baixa laboral ou por calquera outra situación,. Adicionalmente, deberá cumprir coa normativa vixente en todas as súas disposicións, tales coma facer entrega dos partes de baixa nas datas establecidas no servizo correspondente.

Ademais, calquera ausencia do PDI que afecte ao normal desenvolvemento da docencia asignada e nos prazos oficialmente establecidos, deberá ser comunicada coa maior antelación posible, tanto ao profesor responsable da materia como ao Secretario/a da Facultade, empregando para este fin os medios de comunicación oficiais dispoñibles.

Se as citadas ausencias afectasen á docencia das Estancias Clínicas, deberán ser comunicadas canto antes tanto ao/a profesor/a responsable da materia, como ao/á Coordinador/a de Prácticas Externas da titulación correspondente.

O persoal PAS adscrito ao centro (administración, conserxería e biblioteca) rexerese na realización das súas funcións específicas polo réxime previsto nos Estatutos, e nas normativas sobre competencias específicas para cada profesional PAS que se establezan. Terán os dereitos e deberes inherentes ao seu posto de adscrición.

Os/as estudantes teñen o dereito e o deber de asistir ás clases, tal e como se establece nas normativas oficiais e nos Estatutos da UDC. Así mesmo, a asistencia ás clases prácticas e clínicas, en calquera dos cursos, resulta de obrigado cumprimento.

CAPÍTULO II. DO GOBERNO DA FACULTADE DE FISIOTERAPIA

Artigo 11. Órganos de goberno da Facultade de Fisioterapia

Para o goberno, representación e administración da Facultade de Fisioterapia, establécense os seguintes órganos:



a) Órganos Colexiados:

- Xunta de Facultade
- Comisións delegadas:
 - Comisión Académica do/s título/s de grao
 - Comisión Académica do/s título/s de mestrado
 - Comisión de Garantía de Calidade
 - Comisión de Infraestruturas e Asuntos Económicos
 - Comisión de Extensión Universitaria e Cultura
 - Comisión de Normalización Lingüística.
 - Calquera outra que sexa aprobada pola Xunta de Facultade.

- Outras Comisións:

- Comisión de Biblioteca
- Comisión Medioambiental “*Green Campus*”
- Tribunal de Avaliación por Compensación
- Calquera outra que sexa aprobada pola Xunta de Facultade.

b) Órganos Unipersoais:

- Decano/a da Facultade
- Vicedecanos/as da Facultade
- Secretario/a da Facultade

O goberno da Facultade de Fisioterapia estará ordenado polo principio de prevalencia dos órganos colexiados sobre os unipersoais, do respecto ás minorías e de participación libre e por igual, de tódolos seus membros, na forma disposta no presente Regulamento.

SECCIÓN PRIMEIRA. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Artigo 12. Composición da Xunta de Facultade

1. A Xunta de Facultade estará constituída por:

- a. O/A Decano/a, que a convocará e presidirá
- b. Os/as vicedecanos/as e o/a Secretario/a, que o será tamén da Xunta.
- c. Todo o profesorado do centro con vinculación permanente á Universidade, que representará o 51% dos membros da Xunta de Facultade. Unha representación do resto do profesorado que imparta



docencia maioritaria no centro e do persoal investigador que colabore na docencia nunha proporción do 12%, sempre que sexa posible.

d. Un 28% de estudiantado do Centro.

e. Un 9% de persoal de administración e servizos.

2. O profesorado que imparta docencia en máis dun centro só poderá ser membro da Xunta de Centro no que desenvolva maioritariamente a súa docencia.

3. Todas as persoas representantes desempeñarán a súa función por un período de dous anos. Se algunha das persoas representantes perde a súa condición de membro da Xunta de Facultade durante o período do seu mandato, o seu posto será ocupado ata o final do período pola persoa que obtivese máis votos nas eleccións correspondentes sen chegar a acadar representación.

Artigo 13. Competencias da Xunta de Facultade

Como órgano colexiado de goberno do centro, á Xunta de Facultade correspóndelle:

1. Elixir ao/á Decano/a e, se for o caso, revogalo/a.
2. Supervisar a xestión dos diferentes órganos de goberno e administración do Centro.
3. Informar sobre a implantación de novas titulacións e estudos.
4. Elaborar e aprobar as propostas de plan de estudos das titulacións que se impartan no Centro.
5. Aprobar anualmente en coordinación cos Departamentos, e antes do comezo do curso académico, o Plan Docente Anual de cada unha das titulacións impartidas no Centro.
6. Aprobar os horarios e o calendario de exames das convocatorias oficiais, as datas de realización das prácticas externas curriculares das titulacións do Centro, e o calendario para a realización dos TFG e TFM.
7. Propor ao Consello de Goberno, se é o caso, a limitación da capacidade do Centro.
8. Organizar, supervisar e informar sobre as actividades docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito de competencia, e coordinar e supervisar o desenvolvemento dos contidos mínimos das materias impartidas



neles polos departamentos, de acordo cos plans de estudo e cos obxectivo establecidos para cada titulación.

9. Promover a actividade cultural, así como programar e supervisar os servizos e equipamentos do Centro.

10. Acordar a distribución do orzamento e supervisar a súa aplicación.

11. Elaborar o Regulamento de Réxime Interno do Centro e propoñelo ó Consello de Goberno, para súa aprobación.

12. Emitir os informes acerca do cumprimento das obrigas docentes cando sexan solicitados polo profesorado para o recoñecemento de méritos docentes.

13. Informar as propostas para nomeamento de Doutores/as Honoris Causa presentadas polos departamentos para a súa remisión ao Consello de Goberno da Universidade.

14. Acordar, nos termos establecidos polo título IV do presente Regulamento de Réxime Interno, a concesión de honras e distincións.

15. Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio e Decreto 194/2007 do 11 de outubro, así como todas aquelas non atribuídas especificamente a outros órganos de goberno do Centro.

Artigo 14. Funcionamento da Xunta de Facultade

1. A Xunta de Facultade reunirse en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario e, polo menos, dúas veces ao ano, e en sesión extraordinaria sempre que o/a Decano/a a convoque por propia iniciativa ou por solicitude dun terzo dos seus membros, en cuxo caso se realizará dentro dos trinta días seguintes ao de recepción da solicitude.

2. A orde do día das sesións será fixada polo/a Decano/a tendo en conta, se for o caso, que un quince por cento dos membros da Xunta de Facultade poderá solicitar a inclusión dun punto na orde do día. En tal caso, este punto incluírase na primeira sesión que se convoque, sempre que se solicítase coa suficiente antelación.

3. A convocatoria será efectuada polo/a Secretario/a da Facultade por orde do/a Decano/a ou de quen legalmente o/a substitúa. Esta convocatoria incluírá a data, hora e lugar de celebración da sesión, así como a orde do día. As citacións da convocatoria serán cursadas polo/a Secretario/a cunha antelación mínima de dous días hábiles antes de que teña lugar a sesión, incluíndo unha orde do día



explícita, sen referencias xenéricas. As sesións serán presenciais ou, no seu defecto, cando causas extraordinarias ou de forza maior impidan a presencialidade, terán lugar a través das canles telemáticas oficialmente habilitadas.

As citacións levaranse a cabo mediante soporte informático por correo electrónico, e serán remitidas ás contas institucionais dos membros da Xunta de Facultade. Na convocatoria ordinaria, a documentación ou información relacionada directamente cos asuntos a tratar que impliquen a toma de decisións, estará a disposición dos membros da Xunta cunha antelación mínima de dous días hábiles antes de que esta se reúna.

4. Cando a natureza dos asuntos que se foren tratar así o requira, a xuízo do/a Decano/a, poderanse convocar ás sesións do Pleno ou, se for o caso, ás dalgunha comisión, ás persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto.

5. As sesións extraordinarias da Xunta de Facultade están sometidas aos mesmos requirimentos que as ordinarias, coa excepción de que a súa convocatoria pode facerse cun día hábil de antelación e para o tratamento de puntos de inaprazable consideración. Non se incluírán na orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes ou suxestións e preguntas.

Artigo 15. Constitución da Xunta de Facultade

Para a válida constitución da Xunta de Facultade, para efectos da realización das sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do/a Decano/a e Secretario/a ou, se for o caso, de quen os/as substitúa e da metade, polo menos, dos seus membros.

De non se alcanzar este quórum e, a menos que na notificación se convocase a sesión en única convocatoria, a Xunta de Facultade poderase constituír en segunda convocatoria, trinta minutos máis tarde, coa presenza dunha cuarta parte dos seus membros e, en todo caso, a do/a Decano/a e Secretario/a ou, se for o caso, de quen os/as substitúan.

Artigo 16. Asistencia e desenvolvemento das sesións

1. A asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Universidade é un dereito e un deber dos membros que os integran.



2. A condición de membro dos órganos colexiados do centro é persoal e non delegable.
3. Calquera ausencia poderase xustificar por escrito con anterioridade á sesión en que se produza perante o/a Secretario/a de Facultade.
4. Ás sesións dos órganos colexiados só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 14, apartado 4.
5. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
6. O/A Decano/a dirixirá e ordenará o desenvolvemento dos debates. Tamén poderá propor á consideración da Xunta a alteración da discusión dos puntos da orde do día.

Artigo 17. Votacións e adopción de acordos

1. As votacións poderanse realizar, a proposta do/a Decano/a da Facultade, por asentimento, a man alzada, pública por chamamento, ou secreta. A votación secreta deberá ser utilizada cando o acordo que se deba adoptar tiver carácter persoal ou cando o solicite un mínimo de cinco persoas. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas á Xunta non suscitaren oposición de ningún membro desta e non requirise outra forma de votación ningún membro.
2. A Xunta adoptará os seus acordos por maioría de votos afirmativos fronte aos negativos, sen ter en conta as abstencións, agás naqueles supostos en que se esixa, legal ou regulamentariamente, maioría absoluta ou cualificada.
3. En caso de empate nos resultados dunha votación, o/a Decano/a decidirá co seu voto de calidade.
4. Non poderán someterse a votación aquelas cuestións que non estiveren especificadas en cada punto da orde do día e en relación directa con elas. Tampouco poderán tomarse acordos dentro dos apartados da orde do día correspondentes a “Informes” e “Suxestións e Preguntas”.
5. Iniciada unha votación, esta non se poderá interromper.



6. Non se admitirá a delegación de voto. Tampouco será admitido o voto anticipado agás naqueles casos contemplados nos Regulamentos Electorais da Universidade.

Artigo 18. Actas

1. De cada sesión de Xunta de Facultade que teña lugar, levantará acta o/a Secretario/a do Centro, que especificará necesariamente a relación de asistentes e ausentes que achegasen xustificación, as circunstancias do lugar e tempo en que tivo lugar, a orde do día da reunión, os puntos principais das deliberacións así como o contido dos acordos e o xeito en que estes se adoptaron.

2. Na acta figurará, após solicitude dos respectivos membros da Xunta de Facultade, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo que sinale o/a Decano/a, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia a ela.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de dous días hábiles, que se incorporará ao texto aprobado.

4. Cando os membros do órgano votaren en contra ou se abstiveren, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, puidese derivarse dos acordos.

5. As actas aprobaranse na seguinte sesión, podendo non obstante emitir o/a Secretario/a certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

6. Calquera membro da Facultade poderá solicitar por escrito certificación dos acordos da Xunta de Facultade. As certificacións expedidas polo/a Secretario/a da Xunta só darán fe dos acordos aprobados pola Xunta.

Artigo 19. Comisións da Xunta de Facultade

1. A Xunta de Facultade, para efectos do seu mellor funcionamento ou actuación, poderá constituír comisións para decidir sobre as cuestións expresamente



contempladas no presente Regulamento, así como sobre outras que lles delegue expresamente o Pleno da Xunta, debendo fundamentar e axustar os seus acordos aos criterios xerais que, no seu caso, aprobe a Xunta de Facultade. O/A Decano/a informará á Xunta de Facultade das propostas e acordos adoptados.

2. a) Son Comisións delegadas de carácter estable as seguintes:

- Comisión Académica
- Comisión Académica do/s título/s de mestrado
- Comisión de Garantía de Calidade
- Comisión de Infraestruturas e Asuntos Económicos
- Comisión de Extensión Universitaria e Cultura
- Comisión de Normalización Lingüística.

b) Son outras comisións:

- Comisión de Biblioteca
- Comisión Ambiental “*Green Campus*”
- Tribunal de Avaliación por Compensación
- Calquera outra que sexa aprobada pola Xunta de Facultade.

3. Con independencia destas Comisións delegadas, a Xunta de Facultade poderá aprobar de xeito excepcional a creación de Comisións de traballo específicas coa finalidade de resolver situacións puntuais ou asuntos concretos, que serán elixidas a través do procedemento que eventualmente esta aprobe e deixaran de existir o rematar o seu cometido.

4. Poden ser membros das comisións delegadas todos os membros da Xunta de Facultade, agás que exista unha regulación superior a este regulamento de réxime interno. A Xunta de Facultade elixirá polo procedemento que eventualmente aprobe, aos membros das comisións nas proporcións que fixe o presente regulamento para cada unha delas.

Os membros das outras comisións ou das comisións de traballo que puntualmente sexan creadas poderán pertencer, ou non, á Xunta de Facultade, segundo proceda, polo tipo de tarefa encomendada. A súa composición e procedemento de elección será establecido pola Xunta de Facultade para cada caso particular.

Agás as Comisións que poidan encontrarse suxeitas a unha regulación superior, a renovación dos membros das Comisións delegadas realizarase anualmente.



Caso de producirse ceses ou vacantes, procederase, de non existir suplentes, á elección de novos membros por parte da Xunta de Facultade.

De non existir outra regulación superior, ou acordo da propia comisión, actuará como Secretaria/o o/a profesor/a de menor categoría e antigüidade.

5. Para o seu funcionamento e adopción de acordos rexeranse polas normas establecidas para a Xunta de Facultade no presente regulamento, agás no relativo á periodicidade das sesións, que se celebrarán cando o estime necesario o/a Decano/a ou a petición dun terzo dos seus integrantes. A convocatoria será realizada por orde do/a Decano/a.

6. As actas das Comisións estarán dispoñibles para todos os membros da Facultade.

Artigo 20. Comisión Académica do/s título/s de grao

1. A Comisión Académica constitúe a comisión permanente con competencias delegadas da Xunta de Facultade en materia de docencia, investigación e validacións.

2. A Comisión Académica ten competencias sobre os títulos oficiais de grao impartidos no centro, actuando como Comisión Académica do título de Grao en Fisioterapia, sen prexuízo de que, a proposta do/a Decano/a, se poida crear unha comisión de Titulación específica para cada unha das titulacións de grao que se impartisen na Facultade.

3. A Comisión Académica estará composta por:

- O/a Decano/a, que será quen a presida.
- O/a Secretario/a Académico, que o será tamén da Comisión Académica.
- Un/unha profesor/a representante de cada un dos departamentos adscritos.
- O/a profesor/a coordinador/a de cada un dos títulos oficiais de grao que se impartan no centro, a elixir pola Xunta de Facultade.
- Unha representación de ata 4 docentes, a elixir pola Xunta de Facultade, e entre os que se incluírá, de ser posible, un/unha profesor/a responsable da docencia clínica.
- Unha representación de ata 2 estudantes.
- Unha representación de ata 1 membro do PAS.



- O/a Administrador/a do Centro que, de non ser membro da Xunta de Facultade, poderá ser invitado/a con voz pero sen voto cando os temas a tratar o aconsellen.
- A iniciativa da presidencia da Comisión, poderán participar nas reunións como convidados, con voz e sen voto, profesores/as pertencentes a diferentes áreas ou departamentos cando os temas a tratar así o aconsellen.

4. Son funcións da Comisión Académica:

- a. Facer propostas ao Pleno da Xunta sobre asuntos académicos ordinarios, como os criterios para a elaboración dos horarios de clase e dos calendarios oficiais de exames.
- b. Velar para que no momento da matrícula os estudantes coñezan a oferta docente, os horarios das materias e as datas de realización dos exames oficiais.
- c. Outorgar o visto e praxe, para cada curso académico, ao calendario para a realización das Estancias Clínicas e TFG do Centro.
- d. Resolver por delegación as solicitudes de validacións e adaptacións relativas ao/s título/s de grao segundo o artigo 3 da *Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior*.
- e. Emitir informe ao decano/a nos recoñecementos e transferencias segundo se prevé na *Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao espazo europeo de educación superior*.
- f. Mediar, dentro dos límites das súas competencias, nos conflitos que no aspecto docente poidan xurdir entre os membros da Facultade.
- g. Intervir nas reclamacións presentadas polos estudantes sobre cualificacións, segundo o establecido pola Normativa vixente na Universidade.
- h. Deseñar o perfil de ingreso e de egreso da titulación de grao.
- i. Analizar, baixo a coordinación do/a profesor/a coordinador/a do grao, as guías docentes das materias correspondentes á titulación garantindo a súa adecuación e coherencia e detectando potenciais duplicidades e/ou desaxustes para poñelos en coñecemento dos departamentos correspondentes.
- j. Supervisar os procesos de coordinación transversal e lonxitudinal que permitan a dinamización da actividade docente.
- k. Analizar e, cando lle corresponda, resolver as demandas e poñer en práctica as suxestións do profesorado e do estudantado da/s titulación/s de grao.



- l. Adoptar as decisións necesarias para a mellora da actividade docente na/s titulación/s de grao e, no seu caso, facer propostas respecto dela a outros órganos colexiados ou unipersoais do Centro.
- m. Analizar e informar as propostas relativas aos procedementos que regulan o funcionamento das prácticas clínicas curriculares e do Traballo Fin de Grao.
- n. Informar sobre as propostas efectuadas pola equipa decanal relativas aos estudos de posgrado contempladas polo Regulamento de Estudos de Postgrado da UDC.
- o. Calquera outra función de tipo académico que lle sexa asignada pola Xunta de Facultade.

Artigo 21. Comisión Académica do/s título/s de mestrado

Cada mestrado contará cunha Comisión Académica coa composición e as funcións que se especifiquen na memoria do título. En ausencia dunha regulación específica, aplicaranse as seguintes especificacións:

1. En cada unha das titulacións de mestrado que se impartan na Facultade crearase unha Comisión Académica, que terá a seguinte composición:

- O/a Decano/a que será quen a presida.
- O/a Profesor/a Coordinador/a do Mestrado, que presidirá por delegación do/a Decano/a.
- O/a Administrador/a do Centro, ou persoa en que delegar, que actuará con voz pero sen voto no caso de non ser membro da Xunta de Facultade.
- Unha representación de ata seis docentes do título das áreas de coñecemento con docencia obrigatoria (común ou de especialidade, en caso de existir formalmente).
- Un/unha docente do título en representación de todas as áreas con docencia optativa, en caso de existir formalmente.
- Ata 2 representantes de estudantes.
- Ata 1 representante do PAS.

2. Son funcións da Comisión Académica de Mestrado:

- a. Promover e elaborar propostas de modificación de plans de estudo que, en todo caso, deberán ser aprobadas pola Xunta de Facultade.
- b. Analizar, baixo a coordinación do/a profesor/a coordinador/a do mestrado, as guías docentes das materias correspondentes á titulación garantindo a súa adecuación e coherencia e detectando potenciais duplicidades e/ou



desaxustes para poñelos en coñecemento dos departamentos correspondentes.

- c. Resolver por delegación as solicitudes de validacións e adaptacións relativas ao título de mestrado, segundo a Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior.
- d. Coordinar e dinamizar a actividade docente na titulación.
- e. Analizar e, cando lle corresponda, resolver as demandas e poñer en práctica as suxestións do profesorado e do alumnado da titulación.
- f. Adoptar as decisións necesarias para a mellora da actividade docente na titulación e, no seu caso, facer propostas respecto dela a outros órganos colexiados ou unipersoais do Centro.
- g. Convocar ao profesorado da titulación sempre que o considere necesario.
- h. Analizar as propostas sobre actividades extracurriculares que complementen a formación ordinaria que reciben os estudantes.
- i. Analizar e informar as propostas relativas aos procedementos que regulan o funcionamento das prácticas externas curriculares e do Traballo Fin de Mestrado.
- j. Organizar e xestionar o proceso relativo aos Traballos de Fin de Mestrado.
- k. Todas aquelas que a Universidade ou o Centro puidera establecer.

Artigo 22. Comisión de Garantía de Calidade

1. A composición da Comisión de Garantía de Calidade será a que estableza a normativa vixente na UDC. Sen prexuízo do anterior, a composición da Comisión de Garantía de Calidade na Facultade de Fisioterapia é a seguinte:

- Decano/a, que será quen a presida.
- Vicedecano/a Responsable de Calidade, quen actuará como vicepresidente da comisión.
- Secretario/a académico/a do Centro, que actuará como secretario/a da comisión.
- Vogais:
 - Coordinador/a de Calidade
 - Coordinadoras/es dos títulos oficiais de grao e mestrado.
 - Coordinador/a do PAT
 - Coordinador/a de mobilidade
 - Dous representantes do PDI do Centro, designados pola Xunta de Facultade.



- Profesor/a responsable das estancias clínicas.
- Administrador/a ou persoa da administración responsable da xestión administrativa das titulacións do Centro en quen delegue.
- Un representante do PAS do Centro, designado pola Xunta de Facultade.
- Dous representantes de estudantes do/s títulos de grao así coma un representante de estudantes do/s títulos de mestrado, designados pola Xunta de Facultade.

A iniciativa da presidencia da Comisión, poderán participar nas reunións como convidadas, con voz e sen voto, persoas que teñan relación directa cos puntos establecidos na orde do día, como persoal da Unidade Técnica de Calidade, egresadas/os, empregadoras/es, etc.

2. Son competencias da Comisión de Calidade:

- a. Colaborar na elaboración e actualización dos plans estratéxicos e obxectivos de calidade do centro.
- b. Elaborar e realizar o seguimento das titulacións que se imparten no centro e elaborar os plans de mellora continua e analizar o grao de execución dos mesmos.
- c. Promover accións coordinadas entre os departamentos e o centro co obxecto de mellorar a calidade da docencia en cada unha das titulacións adscritas á Facultade.
- d. Aplicar o Sistema de Garantía de Calidade do Centro, documentalo e colaborar na elaboración do informe anual de seguimento do título, que se remitirá á Xunta de Facultade.
- e. Colaborar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.
- f. Promover relacións de colaboración coa contorna profesional de referencia en cada unha das titulacións, co obxecto de mellorar a cualificación formativa dos estudantes e a inserción laboral dos egresados.
- g. Calquera outra función que, relacionada coa calidade, lle asignar a Xunta de Facultade.

Artigo 23. Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas

1. A Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas estará composta por:
 - O/a Decano/a, que será quen a presida.
 - O/a Vicedecano/a responsable de infraestruturas.



- O/a Secretario/a académico/a do Centro, que actuará como secretario/a da comisión.
- Dous profesores/as.
- O/a profesor que presida a comisión ambiental do centro.
- Ata dous representantes de estudantes.
- Ata un representante do PAS.
- O/a Xefe/a de Asuntos Económicos do centro que, de non ser membro da Xunta de Facultade, poderá ser invitado/a con voz pero sen voto cando os temas a tratar o aconsellen.

2. Son funcións da Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas:

- a. Informar dos criterios empregados para a asignación das diferentes partidas orzamentarias en función das necesidades e prioridades existentes.
- b. Propoñer a distribución de espazos dedicados á docencia, investigación e administración.
- c. Analizar e propoñer medidas relativas á mellora dos servizos xerais da Facultade, favorecendo un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o entorno.
- d. Facer o seguimento do estado do edificio e facer proposicións sobre a súa conservación e reparación.

Artigo 24. Comisión de Extensión Universitaria e Cultura

1. A Comisión de Extensión Universitaria e Cultura estará formada por:

- O/a Decano/a ou membro da equipa decanal en quen delegue e que será quen a presida
- O/a Secretario/a académico/a do Centro, que actuará como secretario/a da comisión.
- Dous representantes do profesorado
- Ata dous representantes dos estudantes.
- Ata un representante do PAS

2. Son funcións da Comisión de Extensión Universitaria e Cultura:

- a. Encargarse da dinamización cultural da Facultade.
- b. Organizar as actividades de carácter extracurricular que sexan de interese para o conxunto dos membros da Facultade.



- c. Colaborar, sempre que se estime oportuno, nas actividades que organicen os departamentos ou calquera outro membro ou colectivo da Facultade.
- d. Informar a execución da partida anual de extensión universitaria da Facultade, verificar a realización das actividades e a aplicación dos créditos concedidos.
- e. Fomentar os intercambios con outras Universidades e Institucións.
- f. Emitir os informes sobre as propostas para a realización de actividades culturais solicitados pola Reitoría e outras institucións.

Artigo 25. Comisión de Normalización Lingüística

1. A Comisión de Normalización Lingüística estará formada por:

- O/a Decano/a que será quen a presida
- O/a Profesor/a Coordinador/a de Normalización Lingüística, que presidirá por delegación do/a Decano/a.
- O/a Secretario/a académico/a do Centro, que actuará como secretario/a da comisión.
- Dous representantes do profesorado.
- Ata dous representantes do estudantado.
- Ata un representante do PAS.

2. Son funcións da Comisión de Normalización Lingüística:

- a. Aumentar a sensibilidade da Facultade sobre o uso do galego.
- b. Promover actividades formativas orientadas ao coñecemento oral e escrito do idioma galego.
- c. Propiciar que o galego sexa a lingua habitual de comunicación, de expresión e de traballo da Facultade.
- d. Velar polo cumprimento da normativa existente en materia de normalización lingüística.
- e. Ser a interlocutora na Facultade do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade.

Artigo 26. Comisión de Biblioteca

A comisión de Biblioteca do Centro rexerese polo establecido no *Regulamento de Organización e Funcionamento do Servizo de Biblioteca da UDC* (Aprobado no Consello de Goberno do 22 de maio de 2008) ou normas que o substitúan, no relativo á composición da Comisión de Biblioteca Intercentros.



1. A Comisión de Biblioteca de Centro estará composta, polo menos, por:
 - Presidente: o cargo de presidente será rotatorio e renovarase cada dous anos. Exercerà en primeiro lugar o decano ou director de centro de maior antigüidade nese cargo.
 - Director/a da biblioteca
 - Vogais:
 - Os/as decanos/as e directores de centro que non exerzan como presidentes da Comisión.
 - Seis profesores elixidos polas Xuntas de Centro. Ten que haber polo menos un de cada un dos departamentos adscritos ao centro.
 - Un estudante por cada centro participante na Comisión, elixidos por e entre os seus representantes en Xunta de Centro.
 - Un membro do PAS da biblioteca intercentros.

O/a decano/a ou director/a do centro que exerza como presidente comunicará ao director/a da Biblioteca os membros que integran a Comisión de Biblioteca intercentros.

A duración do mandato dos membros electos será de catro anos, agás no caso do estudiantado que será de dous.

2. Son funcións da Comisión de Biblioteca do Centro:
 - a. Participar na proposta de mellora dos servizos, espazos e equipamento da biblioteca.
 - b. Elevar propostas de mellora á Comisión de Biblioteca da UDC.
 - c. Propoñer criterios de distribución do orzamento da biblioteca de Centro ou intercentros.
 - d. Velar polo cumprimento das directrices xerais na área da súa competencia, dentro do marco deste Regulamento.
 - e. Analizar as propostas, suxestións e reclamacións dos usuarios da Biblioteca que non poidan ser resoltas polo/a director/a da biblioteca de Centro ou intercentros.
 - f. Resolver calquera cuestión relacionada co servizo que lle someta a consideración o seu presidente ou un terzo, polo menos, dos membros da Comisión.
 - g. Calquera outra función, dentro do ámbito da súa competencia, que lle sexa encomendada.



3. A comisión de biblioteca reunirse polo menos dúas veces ao ano e sempre que sexa convocada polo/a presidente/a ou o solicite un terzo dos seus membros.

Artigo 27. Comisión Ambiental “Green Campus”

1. A Comisión Ambiental “Green Campus” estará formada por:

- O/a Decano/a ou membro da equipa decanal ou profesor/a coordinador/a en quen delegue e que será quen a presida.
- Ata catro profesores/as.
- Un representante de estudantes por cada un dos cursos das titulacións oficiais impartidas no centro.
- Representación do PAS de cada un dos servizos relevantes no relativo ao uso e consumo de recursos.
- Representación do persoal encargado dos servizos externalizados no relativo ao uso e consumo de recursos (servizo de cafetería e comedor universitario, servizo de reprografía e outros servizos que poidesen implantarse).

2. Son funcións da Comisión Ambiental “Green Campus”:

- a. Velar por un uso responsable dos recursos necesarios para a actividade do centro.
- b. Contribuír á preservación do medio ambiente en xeral e da contorna do centro en particular.
- c. Traballar pola redución da pegada ambiental que supoñen as actividades do centro.
- d. Promover a adquisición de estilos de vida saudables entre a comunidade universitaria do centro, no relativo á actividade física, alimentación e mobilidade sostible.
- e. Analizar as propostas, suxestións e reclamacións dos usuarios do centro en materia de conservación e preservación ambiental.

Artigo 28. Tribunal de Avaliación por Compensación

O Tribunal de Avaliación por Compensación é un órgano colexiado de carácter académico, constituído nos centros, co obxectivo de vulgar, por petición do estudante interesado, a aptitude global para a obtención do título correspondente.



O tribunal de compensación rexerase polo establecido no *Regulamento de avaliación por compensación* (Modificado no Consello de Goberno do 28 de xuño de 2016) ou normas que o substitúan.

SECCIÓN SEGUNDA. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Artigo 29. Do/a Decano/a de Facultade

1. O/a Decano/a de Facultade ostenta a representación do seu centro e exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria deste.
2. O/a Decano/a de Facultade será nomeado/a polo/a Reitor/a por un período de catro anos, tras a elección pola Xunta de Facultade, entre profesores e profesoras con vinculación permanente á Universidade adscritos/as ao respectivo centro, podendo presentarse a unha única reelección consecutiva.
3. O/a Decano/a de Facultade será elixido/a pola maioría absoluta dos membros da Xunta de Centro. No caso de non haber ningún/ha candidato/a que obtiver a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación na mesma sesión da xunta, en que resultará elixido/a o/a candidato/a que obtiver un maior número de votos.
4. A revogación do/a Decano/a producirase en virtude do acordo adoptado por maioría absoluta da Xunta de Centro, mediante unha moción de censura, por petición dun terzo dos seus membros, con proposta de candidato alternativo. En caso de que non prosperase a moción, os membros asinantes desta non poderán tomar novamente a iniciativa de revogar o/a Decano/a durante o mesmo mandato.
5. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade o/a Decano/a será substituído/a polo/a Vicedecano/a expresamente designado polo/a Decano/a.

Artigo 30. Funcións do/a Decano/a de Facultade

Corresponde ao/á Decano/a:

- a. Representar ao centro.
- b. Presidir as reunións da Xunta de Centro e de calquera outro órgano colexiado dela e mais executar os seus acordos.



- c. Velar polo cumprimento da legalidade en todas as actuacións do centro, polo bo funcionamento dos servizos e polo mantemento da disciplina académica.
- d. Dirixir e supervisar as actividades do centro, especialmente a organización das actividades docentes.
- e. Proporlle ao/á Reitor/a o nomeamento e cesamento dos/as Vicedecanos/as e Secretario/a do centro.
- f. Controlar o cumprimento das funcións do persoal de administración e servizos adscritos ao centro.
- g. Presidir a Comisión de Selección do Persoal Docente e Investigador Contratado.
- h. Procurar que se respecten os dereitos de todos os membros da Facultade e que todos eles cumpran debidamente as súas obrigas.
- i. Exercer as restantes funcións derivadas do seu cargo, así como aquelas que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio.

Artigo 31. Vicedecanos/as de Facultade

1. Para o mellor desenvolvemento das súas funcións, o/a Decano/a contará co auxilio dos/as Vicedecanos/as, nas áreas de actividade ás que responda a súa denominación, que actuarán baixo a súa dirección e dependencia, e serán nomeados polo/a Reitor/a por proposta do/a Decano/a, de entre os membros da comunidade universitaria do centro.
2. Cesarán por decisión do/a Reitor/a por proposta do/a Decano/a, por petición propia e, en todo caso, cando conclúa o mandato do/a Decano/a. Nos dous últimos casos, continuarán en funcións ata a toma de posesión dos seus sucesores.

Artigo 32. Funcións dos/as Vicedecanos/as

Corresponderalles dirixir e coordinar, baixo a autoridade do/a Decano/a, a área de competencia que este/a lles asigne, así como presidir, por delegación do/a Decano/a, as Comisións da Facultade. O/a Decano/a designará quen o/a deberá substituír no caso de ausencia ou enfermidade.



Artigo 33. Secretario/a de Facultade

1. O/a Secretario/a do centro é a persoa fedataria dos actos e acordos dos órganos de goberno e administración do centro. Será nomeado polo/a Reitor/a, por proposta do/a Decano/a. Cesará por decisión do/a Reitor/a por proposta do/a Decano/a, por petición propia e, en todo caso, cando conclúa o mandato do/a Decano/a. Nos dous últimos casos, continuará en funcións ata a toma de posesión do seu sucesor/a.

2. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o/a Secretario/a será substituído polo/a Vicedecano/a que determine o/a Decano/a.

3. Serán funcións do/a Secretario/a, ademais das legalmente establecidas, as seguintes:

- a. A formación e custodia dos libros de Actas dos órganos colexiados do centro.
- b. A recepción e custodia das Actas de cualificación de exames.
- c. A expedición de certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro.
- d. A custodia do selo do centro e do rexistro deste.
- e. A publicidade dos acordos dos órganos colexiados do centro.
- f. Calquera outra función que lle delegue o/a Decano/a ou que lle encomenden as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio e modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro (D.O.G. de 17 de outubro).

SECCIÓN TERCEIRA. DO PROFESORADO COORDINADOR DE TITULACIÓN DE GRAO E MESTRADO

Artigo 34. Profesorado Coordinador de Titulación de Grao

1. Será nomeado polo/a Reitor/a por un período de dous anos a proposta do/a Decano/a, quen informará á Xunta de Facultade. Cesará por decisión do/a Reitor/a, a proposta do/a Decano/a, ou por petición propia; en todo caso continuará en funcións deica o nomeamento de quen o/a substitúa.

2. As súas funcións serán establecidas na convocatoria de coordinación de titulacións de grao, sendo polo menos as seguintes:



- a. Velar pola calidade e fiabilidade da información da oferta académica da titulación.
- b. Colaborar na elaboración da guía docente do Centro, supervisando a súa adecuación e coherencia coa memoria de verificación.
- c. Recoller informes dos grupos de interese para asegurar a coherencia da oferta académica da titulación.

3. Para o cumprimento dos seus cometidos deberá garantir un mínimo de dúas reunións presenciais cada curso académico así como aqueles outros procedementos de contacto ou consulta que considere máis adecuados. Contará co apoio dos profesores/as coordinadores/as de curso, que serán elixidos entre os membros da Xunta de Facultade.

4. Estas funcións, e aquelas outras que lle poida asignar á Xunta de Facultade, desempeñaranse en coordinación coa equipa decanal e a Comisión de Académica da titulación.

Artigo 35. Profesorado Coordinador de Mestrado

1. Será nomeado polo/a Reitor/a por un período de dous anos, a proposta do Decano/a, e unha vez aprobada a pola Xunta de Facultade. Cesará por decisión do/a Reitor/a a proposta do Decano/a ou por decisión propia. En todo caso, continuará en funcións ata a toma de posesión de quen o/a substitúa.

2. As súas funcións serán as seguintes:

- a. Promover e supervisar a elaboración das guías docentes das materias da titulación e comprobar a súa adecuación ás directrices establecidas na memoria do título.
- b. Colaborar na elaboración do informe de seguimento da titulación.
- c. Propoñer á Comisión Académica do mestrado as medidas que contribúan a coordinar o desenvolvemento do plan de estudos.

3. Estas funcións desempeñaranse en coordinación coa Comisión Académica do mestrado que corresponder e coa Comisión de Garantía de Calidade.

4. No caso de que o mestrado teña recoñecida a figura de sub-coordinador/a, o/a Coordinador/a poderá delegar nel/a algunhas das súas funcións.



SECCIÓN CUARTA. DA DELEGACIÓN DE ESTUDANTES DA FACULTADE DE FISIOTERAPIA

Artigo 36. Funcións e composición da Delegación de Estudiantes

A Delegación de Estudiantes da Facultade de Fisioterapia é o órgano encargado de coordinar e canalizar a representación do estudantado no marco da Facultade e da Universidade. Estará composta polos delegados/as ou representantes escollidos/as entre os/as estudantes dos títulos oficiais impartidos na Facultade.

Artigo 37. Funcionamento da Delegación de estudantes

A Delegación de Estudiantes gozará de autonomía para o exercicio do desenvolvemento das súas funcións, de acordo cos Estatutos da Universidade da Coruña. O funcionamento da Delegación de Estudiantes é democrático e baséase na vontade da maioría dos seus representados desde o respecto a calquera minoría, e rexerá polo seu propio regulamento interno en todo o que non se opuxer aos Estatutos da Universidade e a este regulamento da Facultade de Fisioterapia.

A Facultade de Fisioterapia proporcionará apoio, na medida do posible, á Delegación de Estudiantes e a calquera asociación que a Facultade considere representativa dun sector do alumnado, de acordo cos Estatutos da Universidade.

TÍTULO III. DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 38. Recursos económicos

1. Para a realización da organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión a facultade dispón:

- a. Dos bens, equipos e instalacións que, previamente inventariados, a Universidade da Coruña lle destine.
- b. Dos recursos que nos orzamentos da Universidade da Coruña se lle asignen.
- c. Calquera outro recurso que puidese serlle atribuído.

2. Corresponde aos órganos de goberno da facultade velar polo mantemento e renovación dos recursos adscritos a ela. Da súa conservación directa son



responsables todos os membros adscritos á facultade, e esta será supervisada polo/a Decano/a.

TÍTULO IV. DAS HONRAS E DISTINCIÓNS

Artigo 39. Das honras e distincións

Establécense dous niveis de distincións co fin de recoñecer o papel significativo de persoas e institucións en relación á Facultade de Fisioterapia: a Medalla de honra e a placa de honra.

A Medalla de honra da Facultade será imposta exclusivamente a persoas ou institucións que teñan ou tivesen unha dedicación e participación activa e directa no desenvolvemento da Facultade de Fisioterapia, en calquera dos seus ámbitos docente, académico, de xestión e investigador.

A placa de honra estará destinada a recoñecer ás persoas ou o institucións que colaboran o teñan colaborado de forma destacada no desenvolvemento da Facultade de Fisioterapia, contribuíndo á consecución dos fins perseguidos, a través de diferentes medios ao seu alcance.

Artigo 40. Concesión das honras e distincións

A concesión da Medalla ou placa de honra será sometida á súa aprobación en Xunta de Facultade a proposta do Decano/a ou ben dun grupo de dous terzos dos membros da Xunta de Facultade.

En calquera caso a proposta debe realizarse alegando de forma razoada os méritos do/a candidato/a ou institución.

Artigo 41. Entrega das honras e distincións

A entrega da Medalla ou placa de honra realizarase no marco dun acto académico público, e irá acompañada dun diploma acreditativo, quedando rexistrada no libro de honras custodiado na Secretaría Académica do Centro.



TÍTULO V. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 42. Iniciativa de reforma do regulamento

Poderán propor a reforma do presente regulamento un terzo dos membros da Xunta de Facultade. A proposta de modificación presentarase mediante escrito motivado dirixido ao/á Decano/a.

Artigo 43. Tramitación de reforma do regulamento

O texto da proposta de reforma será enviado polo/a Decano/a aos membros da Xunta de Facultade, que disporá de quince días para presentar emendas. Transcorrido este prazo convocarase sesión ordinaria da Xunta de Facultade para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria xuntaranse as emendas presentadas que serán sometidas a debate e a votación.

Artigo 44. Aprobación da proposta de modificación do regulamento

Para a modificación do regulamento requirirase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros da Xunta e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

ÚNICA. Período de adaptación das comisións delegadas.

Nun prazo máximo de tres meses a partir da entrada en vigor do presente regulamento, procederase á constitución das comisións delegadas que se modifican neste regulamento e a extinción das anteriores.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogado o anterior Regulamento de Réxime Interno do centro.

DISPOSICION FINAL. Entrada en vigor

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.